

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 3 de maio de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construcción do itinerario peonil e ciclista na AC-133, eixe sur, treito Franza-Rilo, punto quilométrico 7+200-8+550, de clave AC/16/071.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.*

##### Antecedentes:

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñen a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Os obxectivos da dita estratexia son o desenvolvemento duns sistemas de transporte alternativos que reduzan ao mínimo as repercuśóns sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento desta mobilidade alternativa son, entre outros, o emprego de modos de transporte non motorizados, a mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 20 de maio de 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Fomento da mobilidade sustentable: sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Ferrol, onde unha das sendas propostas é un itinerario peonil e ciclista na AC-133, que agora se está a desenvolver mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na AC-133, eixe sur, treito Franza-Rilo, p.q. 7+200-8+550, de clave AC/16/071.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dunha senda compartida (peonil e ciclista) en dous treitos da estrada AC-133, en formigón ou solo estabilizado con cemento, en función da cualificación urbanística do solo que se atravesa. O primeiro treito (p.q. 7+200-p.q. 8+550), comeza na rotonda de conexión entre esta estrada e a vía de alta capacidade VG-1.2, na contorna do núcleo de Franza e finaliza no núcleo de Rilo. No segundo treito (p.q. 9+820-p.q. 9+910) executarase unha senda polo trazado do foxo transitable existente na actualidade, e que dispón dun largo insuficiente para a circulación peonil e ciclista.



As obras previstas comprenden tamén as seguintes actuacións (necesarias para garantir a funcionalidade da senda executada):

- Reposición das baldosas da beirarrúa existente na marxe dereita, entre p.q. 7+200-p.q. 7+260 que se atopan en mal estado.
- Reposición da sinalización horizontal e vertical que poida resultar afectada pola construcción das sendas.
- Reposición de elementos de drenaxe e servizos afectados.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construcción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realizaase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña) e na Casa do Concello de Mugardos (avenida de Galicia, 45, 15620 Mugardos, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)) atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construcción.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas



**ANEXO**
**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**
**Proxecto de construcción: Itinerario peonil e ciclista na AC-133**
**Eixe sur. Treito Franza-Rilo, p.q. 7+200-8+550**
**Clave: AC/16/071.06**
**Concello de Mugardos.**

Nº	Referencia catastral	Titular	Tipo	Uso ou cultivo	Superficie expropiar (m <sup>2</sup> )	Ben afectado	UD	Medición
1	2608701NJ6120N0001PG	Xunta de Galicia	Urbano	Residencial	30,07			
2	2608706NJ6120N0001OG	Vizoso Rodríguez, Ricardo	Urbano	Solo sen edif.	39,73			
3	2608705NJ6120N0001MG	Vizoso Casteleiro, José	Urbano	Solo sen edif.	11,27			
4	15052A016000090000MM	Sánchez Prados, María Isabel	Rústico	Labor ou labradío secano	131,64	Árbore mediana	ud	1
5	15052A016005670000MS	Iglesias López, José L.	Rústico	Labor ou labradío secano	8,95			
6	15052A016000100000MT	Herdeiros de Amado Brage, Antonio	Rústico	Labor ou labradío secano	169,21			
7	15052A016000110000MF	Prego García, Mercedes	Rústico	Labor ou labradío secano	110,74			
8	15052A016000120000MM	Herdeiros de López Brage, Celia	Rústico	Labor ou labradío secano	119,64			
9	15052A016000130000MO	Pérez Casteleiro, M. del Carmen	Rústico	Labor ou labradío secano	239,56			
		Pérez Casteleiro, Encarnación						
10	15052A016000140000MK	Rey Brage, José	Rústico	Labor ou labradío secano	104,69	Árbore mediana	ud	1
11	15052A016005930000MR	Flores Cortés, Fernando	Rústico	Matogueiras	93,42			
12	15052A016001990000ML	Sánchez Pérez, Jaime	Rústico	Prados ou pradarias	158,75	Peche vexetal ou sebe viva	m	47
						Árbore grande	ud	2
13	15052A016002000000ML	Rojo Pérez, Matilde	Rústico	Labor ou labradío secano	270,81			
14	15052A016002010000MT	Herdeiros de Noche García, Marcelina	Rústico	Matogueiras	75,48			
		Herdeiros de Fernández Aguilar, Antonio						



Nº	Referencia catastral	Titular	Tipo	Uso ou cultivo	Superficie expropiar (m <sup>2</sup> )	Ben afectado	UD	Medición
15	15052A016002030000MM	Pena García, Carlos	Rústico	Labor ou labradío secaño	221,29			
16	15052A016002400000MK	Gómez Rojo, Pablo	Rústico	Matogueiras	199,3			
17	15052A016002410000MR	Castro Sánchez, María Rosa	Rústico	Labor ou labradío secaño	227,93			
		Moreira Montero, Juan						
18	15052A016002460000ME	Martínez Calvo, José Luis	Rústico	Prados ou pradarias	179,93			
		Escudero Pena, Ángela María						
19	15052A016002750000MX	Ferreño Ulloa, José Manuel	Rústico	Labor ou labradío secaño	553,36	Cerca de arame e pastor eléctrico	m	57
		Pedreira Blanco, Herminda Soledad				Peche bloques	m	14
20	15052A016002710000MO	Herdeiros de Mauriz Pernas, Benedicta	Rústico	Prados ou pradarias	0,8			
21	15052A016002700000MM	Martínez Torrente, Carmen	Rústico	Prados ou pradarias	300,14			
22	1713907NJ6111S0001GD	Martínez Romero, Antonio	Urbano	Residencial	205,76			
		Garabana García, María Luisa						
23	1713905NJ6111S0001BD	Herdeiros de Rey Rodríguez, Nicolás	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	2			
24	1713908NJ6111S0001QD	Moreira Montero, Antonio	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	66,26			
25	1713909NJ6111S0001PD	Cal Pico, Félix-César	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	55,75			
26	1713910NJ6111S0001GD	Salido Pérez, Miguel Ángel	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	73,21			
27	1713901NJ6111S0001UD	Salido Romero, Antonio	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	9,69			
		Pérez Cagiagao, María						
28	1813007NJ6111S0001JD	Martínez Torrente, José A.	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	24,88			
29	1813008NJ6111S0001ED	Herdeiros de Montero Cancela, Dolores	Urbano	Solo sen edif.	53,51			
30	1813001NJ6111S0001OD	Varela López, José Bernardo	Urbano	Solo sen edif.	1,71			



Nº	Referencia catastral	Titular	Tipo	Uso ou cultivo	Superficie expropiar (m <sup>2</sup> )	Ben afectado	UD	Medición
31	1022011NJ6102S0001TE	Leira Rodríguez, María Dolores	Urbano	Residencial	18,01			
		Peña Fontenla, Antonio		Sistema xeral viario segundo NSP	51,90			
32	1022010NJ6102S0001LE	Valle Vázquez, Antonio	Urbano	Residencial	37,94			
		Villar Vázquez, M. Luz		Sistema xeral viario segundo NSP	64,57			
33	1022009NJ6102S0001FE	Gómez Cruz, José R.	Urbano	Sistema xeral viario segundo NSP	5,68			

NSP: Normas Subsidiarias de Planeamento.

